

TÉCNICAS DE EXPRESIÓN GRÁFICO-PLÁSTICAS

Contidos teóricos

1. Factores que determinan a linguaxe gráfico plástica

- Enumera unha técnica de debuxo seca, unha húmida e unha graxa. Que factores e instrumentos definen as súas diferenzas?
- Características diferenciadoras entre pintura e debuxo.
- Definir os termos: bosquejo, apuntamento, encaixe, debuxo.
- Para que se utilizan a mancha e a trama en debuxo? En que se diferencian? Que materiais se empregan en cada unha delas?
- Sobre un soporte bidimensional, como se pode conseguir sensación de profundidade? Indicar polo menos catro formas diferentes de logralo.
- Que entendemos por equilibrio nunha composición? Como se pode conseguir?

2. Técnicas, procedementos e materiais do Debuxo

- Que son as técnicas secas? Explica as diferentes técnicas que existen neste sentido.
- Explicar que se entende por claroscuro. Expoñer algunhas das súas características. En que técnicas se utiliza?
- Que é o carbón? Como se obtén? De que formas se presenta no comercio? Como se utiliza?
- Definir a técnica da tinta augada describindo: modo de emprego, útiles e soportes.
- Definir a técnica do pastel describindo modo de emprego, útiles, soportes e aglutinantes.
- Que diferencia hai entre as barras de pastel e as de ceras?
- Que é o difuminado? Que materiais e instrumentos son os axeitados para realizalo?
- A tinta chinesa. Orixe, fabricación e aplicación.
- O grafito. Antecedentes, orixe e aplicación.
- De que se compón a sanguina? Que tipo de técnica é e como se utiliza?

3. Técnicas, procedementos e materiais da pintura

- A pintura ó óleo. Orixe, compoñentes e ferramentas específicas.
- Definir a técnica da acuarela describindo modo de emprego, útiles, soportes e aglutinantes.
- A pintura ó fresco. Orixe, compoñentes e ferramentas específicas.
- Que diferencias hai entre a acuarela e a témpera? Cales son as particularidades de cada unha?
- Que tipo de técnica é o óleo? Que tipo de disolvente se emprega nesta técnica? Cales son as vantaxes do oleo respecto doutras técnicas pictóricas?
- Que é o temple? Que tipo de aglutinante se emprega na fabricación desta técnica?
- A acuarela. Características, orixes, compoñentes e ferramentas específicas.
- Cal é a diferenza entre pintura ó óleo e pintura ó fresco? Que materiais se utilizan en ambas técnicas? Que técnica ten unha execución e secado máis rápidos?
- A pintura acrílica. Orixe, compoñentes e ferramentas específicas.
- Explicar os seguintes puntos sobre a técnica da pintura acrílica: a: Soportes sobre os que se pode utilizar. b: Xeito de aplicación. c: Necesita fixación final? d: compoñentes.
- Que se entende por pintura mural? Indicar tres técnicas apropiadas para este soporte.
- Aceites secantes no óleo. Tipos e calidades.

4. Modalidades e técnicas de gravado e estampación

- Enumera os diferentes procedementos de gravado.
- Que é a xilografía? Que materiais se empregan nesta técnica? describe brevemente o seu procedemento.
- Que diferenza hai entre a xilografía e o linóleo? Explica brevemente en que consiste o segundo dos procedementos.
- Definir os seguintes termos de gravado: a: Tirada. b: Matriz. c: Transferir. d: Estampa.
- Indicar cales son os diferentes soportes-matriz de cada unha das seguintes técnicas de gravado e estampación: a: xilografía, b: litografía, c: serigrafía e d: estampación dixital.
- Definir a técnica da litografía describindo: modo de emprego, útiles, soportes e aglutinantes.

5. Outros medios e materiais na expresión gráfico plástica

- Citar catro tendencias artísticas da segunda metade do Século XX.
- A que chamamos colaxe? Indicar algún movemento artístico que o utilizase. Nomear dous artistas que o empregasen.
- Definir as seguintes tendencias artísticas: arte póvera, minimal art, instalación, videoarte.
- Que se entende por arte matérica?
- Define: grattage, decollage e picuage.